



CICLO MESTRE MATEO PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL

“A FOREIGN SONG”

de César Souto Vilanova

DOCUMENTAL FINALISTA NOS PREMIOS MESTRE MATEO 2023

DOMINGO 5 DE NOVEMBRO DE 2023 – 20:00 horas

NO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), en colaboración coa Academia Galega do Audiovisual, coa Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo e co Concello de Vilalba, organiza a proxección do documental **A FOREIGN SONG**, de **César Souto Vilanova**, continuando así coa programación do **CICLO MESTRE MATEO** que durante o ano **2023** bríndanos a oportunidade de poder disfrutar das películas finalistas (documentais e longametraxes) dos **XXI PREMIOS MESTRE MATEO**.

Esta sexta proxección terá lugar no **Auditorio Municipal de Vilalba** o **DOMINGO 5 DE NOVEMBRO DE 2023**, ás **20:00H**.

SINOPSE

Traballou nunha compañía de seguros durante 40 anos. Todos os días erguíase ás 6 e acostábase ás 9. Nos seus días tranquilos non hai peripecias reseñables, nin grandes dramas. Ninguén diría que este home de vida ordinaria e aburrída é o autor dunha das obras poéticas máis singulares do século XX. Cando se lle pediu unha reseña biográfica para presentar a súa obra, o poeta modernista estadounidense Wallace Stevens negouse a escribirla. Cría

profundamente que a poesía non é persoal e que a voz que estaba detrás dos seus poemas era en realidade a voz dun Outro. Alguén, ao lonxe, observa as casas idénticas nos suburbios solitarios de Estados Unidos. Na cidade dos cartos, onte e hoxe, unha multitude camiña sen descanso. Voces sen rostro len fragmentos das cartas do poeta. Un paxaro de plumas douradas canta unha canción.

FICHA TÉCNICA:

Director: César Souto Vilanova
Produtor: Daniel Froiz
Producción executiva: Vanesa Viñuela
Dirección de fotografía: Alberte Branco AEC
Dirección de produción: Nati Juncal
Dirección de arte: Carmen Triñanes
Montaxe: Marcos Flórez, Cristina Liz
Composición musical: Xoan Xil
Deseño de son: Emilio García
Secretaría de produción: Vanesa Viñuela
Deseño gráfico: Andrés Froiz
Xefatura de produción: Sergio Sotelo
Coordinación de produción: Vanesa Viñuela
Auxiliar de produción: Salomé Trujillo
Foquista: Deirdre Canle, Artur Rodríguez
Atrecista de rodaxe: Daniela Rodas, Xacobo Castro

Atrecista de avance: Guillermo Castro
Son directo: Sebastian Neville Carlos Fonseca
Eléctrico: Víctor Mañana (Trípode)
Etalonaxe: Pablo Cayuela
Deseño gráfico: X. Carlos Hidalgo
VFX: Cormorán VFX – Pablo Lamosa
Duración: 1h 22min

CANDIDATURAS XXI PREMIOS MESTRE MATEO

Finalista: Mellor documental
Finalista: Mellor dirección de fotografía
Finalista: Mellor dirección de produción

*A ENTRADA SERÁ DE BALDE, PERO HABERÁ QUE REALIZAR A CORRESPONDENTE RESERVA
BEN NA PÁXINA WEB DO CONCELLO, BEN NA CASA DA CULTURA OU O MESMO DÍA NO AUDITORIO*